



Andorina

Colexio Amor de Dios de Vigo



2024

ABRAZA O COIDADADO



CONSTRUYENDO SUEÑOS, COMPARTIENDO ESPERANZAS

Un curso más lleno de sorpresas, de aprendizajes, de ayuda, de confianzas, de cuidados, de solidaridad, de amigos, de cosas buenas... Queremos hacerlos llegar la ilusión que ponemos en todo lo que hacemos.

Nuestro colegio es un lugar donde poder encontrarnos, donde todos y cada uno somos necesarios, donde se habla de fraternidad y se nos regala la oportunidad de mostrar que todo es mejor juntos, donde podemos vivir experiencias significativas y transformadoras realizadas desde el deseo de salir al encuentro de las necesidades y atrevernos a compartir esperanzas y sueños.

Tenemos en nuestras manos la posibilidad de aprovechar cada día, de crear en nuestra Comunidad Educativa un clima de convivencia agradable, de hacer un hueco en nuestro corazón a los que se incorporan: profesores, familias, alumnos..., de abrirnos a la amistad y compartir lo que somos y tenemos, para construir un mundo mejor para todos.

Sabemos que el éxito de todo lo que hagamos va a estar en el esfuerzo personal, en el trabajo en equipo, en el cuidado de unos a otros, en la ayuda mutua... Y estamos seguros que no va a faltar ni la entrega, ni el trabajo, ni la amistad, ni la alegría, ni el buen humor.

Son muchos los retos que tenemos por delante. Este curso, más que nunca, estamos comprometidos con el cuidado de nosotros mismos, de los demás y del mundo, esa casa común que nos acoge a todos. La educación es el camino y debemos recorrerlo juntos porque solo así alcanzaremos el horizonte.

Es maravilloso compartir la increíble tarea de construir nuestra propia vida acompañando a quien también construye la suya.

AVENTURAS DO ALUMNADO DE INFANTIL NA SÚA VIAXE POR EXIPTO, GRECIA E ROMA

Nunha escola chea de maxia, o alumnado de Ed. Infantil viviu experiencias fascinantes que os levaron a viaxar pola historia e descubrir as marabillas de Exipto, Grecia e Roma.

Todo comezou cando o alumnado de 4º de Educación Infantil atopou unhas vendas misteriosas no medio do corredor que os guiaron ata a súa aula, onde apareceu unha pirámide e, dentro dela, unha simpática momia chamada Juanita pediulles axuda para volver a Exipto. Os pequenos exploradores aceptaron e comezaron a investigar: descubriron que o Nilo era vital para vivir, que as pirámides gardaban segredos dos faraóns, e que os exipcios usaban xeroglíficos para escribir. Convertéronse en deuses exipcios e aprenderon sobre as momias, os sarcófagos e as xoias. Cos seus coñecementos, acadaron o seu cometido e gardaron a Exipto nos seus corazóns.



Por outra banda, o alumnado de 5º de Ed. Infantil recibiu unha mensaxe do Rei Constantino II de Grecia, quen lles pediu que percorresen o país para asegurarse de que todo estaba en orde. Os nenos e nenas aceptaron a misión e viaxaron a Grecia, e aprenderon que este gran imperio se estendía por Europa, Asia e África, con Atenas como unha das súas cidades máis importantes. Coñeceron os deuses do Olimpo, como Zeus, Atenea e Poseidón, e as lendas de Teseo e o Minotauro e o Cabalo de Troia. Tamén descubriron que os gregos inventaron a democracia, crearon estilos de columnas como o dórico, xónico e corintio, e organizaron os primeiros Xogos Olímpicos. Ao final escribíronlle ao Rei Constantino contándolle todo o aprendido.



Finalmente, o alumnado de 6º de Ed. Infantil recibiu a mensaxe de Iago Augusto, o axudante do emperador. A súa misión: comprobar que o legado romano estaba ben coidado. Comezaron investigando a extensión do enorme Imperio Romano, e viviron a lenda de Rómulo e Remo. Coñeceron a emperadores como Adriano e Nerón, e descubriron como vivían os romanos nas súas domus e insulae.



Tamén exploraron construcións asombrosas como o Coliseo e os acuedutos, aprenderon sobre os deuses

romanos como Xúpiter e Minerva, e estudaron o legado do latín, as moedas e balanzas, as calzadas e os números romanos. Ao terminar a súa misión, gardaron os seus achados, prometendo explorar novos mundos e descubrir grandes segredos.




Os tres cursos convertéronse en auténticos gardiáns da historia, deixando na escola un anaco de Exipto, Grecia e Roma. Que novas aventuras lles esperarán no futuro?

LLEGA EL OTOÑO

El alumnado de Educación Primaria festejamos la llegada del otoño con actividades muy especiales: celebramos el Samaín en el cole con cuentacuentos, actuaciones y actividades plásticas con las que, además de aprender, disfrutamos mucho de esta época tan terroríficamente divertida sin olvidar Halloween desde las clases de Inglés y Arts. Para festejar el Magosto, gozamos de una salida al monte y aprendimos poesías y canciones típicas de estas fechas.

A continuación, mostramos una selección de algunas de las actividades tan bonitas y divertidas que realizaron los niños y niñas de 1º y 2º de Educación Primaria para festejar estas celebraciones del otoño.



**1º
Educación
Primaria**



Fiesta de la Niña María

La fiesta de la Niña María en 3º y 4º de Educación Primaria fue un día muy especial y divertido. Hicimos dibujos llenos



**2º
Educación
Primaria**

de valores como el respeto y la generosidad, trabajamos juntos para crear una gran imagen de la Niña María y también hicimos medallas para recordarla siempre.

En la capilla tuvimos un momento bonito para rezar y pensar en lo mucho que nos cuida. Después, disfrutamos viendo una película, jugando con nuestros amigos en clase y ¡hasta vino el Celta de Vigo a visitarnos! Fue un día inolvidable que nos enseñó a ser mejores y a seguir el ejemplo de María.




¡EL CELTA DE VIGO PUSO EL CORAZÓN CELESTE EN NUESTRO COLE!

El 21 de noviembre vivimos una jornada inolvidable en nuestro colegio. La visita del Real Club Celta de Vigo nos llenó de alegría y emoción. El alumnado, desde los más pequeños de Infantil hasta los mayores de Primaria, esperaban con ansias este momento.

La presencia del portero Guaita nos dejó a todos boquiabiertos, compartiendo con nosotros sus experiencias y contagiándonos su pasión por el fútbol. Con su simpatía y cercanía, contestó a todas las preguntas de los niños y niñas, ¡fue increíble ver sus caras de asombro!

La jornada no se quedó solo en el fútbol. También tuvimos una charla muy interesante sobre la importancia de llevar una alimentación saludable.

¡Ahora sabemos que el pescado nos ayuda a ser más fuertes y rápidos como ellos! Agradecemos al RC Celta de Vigo que nos haya brindado esta maravillosa experiencia. ¡Ha sido un día que nuestro alumnado nunca olvidará!



UNA EXPERIENCIA TRANSFORMADORA

Los días 22 y 23 de noviembre, alumnos de 4º de ESO y Bachillerato participamos, junto con nuestros profesores, en la "Gran Recogida", organizada por el Banco de Alimentos. Tuvimos la oportunidad de hacer realidad una experiencia de cuidado de los otros, de aportar a nuestro granito de arena para ayudar a aquellos que lo necesitan. Nos llevamos una agradable sorpresa al ver la cantidad de personas dispuestas a colaborar, mostrando su amabilidad y empatía. Pudimos comprobar que, hasta en las situaciones más complicadas, hay gente dispuesta a ayudar, como lo hizo una persona necesitada que donó alimentos comprados con el dinero que pedía en la calle, algo que nos conmovió profundamente y nos hizo pensar.

La participación en esta campaña fue un modo de comprometernos con otras realidades, una experiencia transformadora que sin ninguna duda mereció la pena y que esperamos repetir próximamente.

4º ESO B



"VIGO EN INGLÉS", AN UNFORGETTABLE EXPERIENCE

Many of our 4 ESO students have recently had the incredible opportunity to participate in the 3-week exchange programme "Vigo en Inglés", which took place

in various towns across the UK. They all agree that it was one of the most enriching experiences of their lives. The programme, which the council started back in 2007, offers an immersive cultural exchange that combines academic learning, sightseeing, and personal growth, with host families providing an authentic experience of British life. In the morning they attended local schools, interacting with British teens. In the afternoon the students participated in different workshops and activities organised for them and visited iconic landmarks of each town. Furthermore, being away from home for three weeks challenged them to become more independent, adapt to new environments, and develop stronger communication skills. They returned home with new friends and improved language skills.

CORO AMOR DE DIOS



Dende o ano pasado o noso colexio conta cun coro, conformado polos profesores Carlos Riveiro e Fátima Ubeira, e vintecatro nenos e nenas dende primeiro da ESO até segundo de bacharelato, que comparten unha paixón e don pola música.

O que empezou sendo unha simple actividade para amenizar celebracións escolares acabou converténdose nun proxecto máis amplo, de feito a participación no Festival de Panxoliñas en Santiago de Compostela, xunto a escolares doutros centros de Galicia, amousounos que o camiño percorrido ata agora semella de auténticos profesionais. Sempre é agradable pasar un rato da tarde do vernos nos ensaios, o tempo pasa voando. Hai moita complicidade entre profesores e alumnos e prendemos moito sobre música e tamén compartimos as nosas habilidades musicais tocando instrumentos.

SAÍDA AO MARIKINÁ PARK

A principios de outubro os nenos e nenas de primeiro da ESO fomos ao Marikiná Park, en Beade.

Pasámolo moi ben.

Nada máis chegar puxéronnos o arnés para ter unha maior seguridade e, tras unha explicación, subimos ás tirolesas para facer os percorridos. Subimos todos: algúns con medo, algúns con vértigo, algúns con nervios, pero todos cun gran entusiasmo por pasalo ben.

Foron unhas horas horas moi divertidas!

Despois fomos ao Parque Forestal de Beade, alí almorzamos, xogamos e compartimos tempo de lecer. Pasámolo xenial e chegamos ao colexio moi cansos pero con moitos momentos divertidos cos nosos compañeiros que non esqueceremos nunca

Nerea Martínez Román e Daniela Otero González 1º ESO B.



EXCURSIÓN MAGOSTO

O martes, 29 de outubro, os nenos e nenas de 1º da ESO fomos ao Parque Forestal de Saiáns para vivir unha tradición galega: o Magosto.

A semana previa a esta saída, todos os nenos e nenas de 1º da ESO estivemos preparando esta saída:

- Primeiro buscamos a información e expuxémola na clase (do Samaín e do Magosto)
- Ademais, tivemos que traer o material necesario para facer un traballo, para realizar no monte.

-Preparamos cancións en galego e bailes, pois tiñamos que actuar no monte (houbo un concurso).

Para xantar no monte, levamos a nosa comida e castañas asadas ou cocidas para compartir entre todos. Foi un día diferente. Pasámolo xenial!

Lucas Montesinos e Álvaro Gelpi 1º ESO B



EVA MEJUTO VISITA O COLEXIO



O 25 de novembro, celebrábase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e parece que os astros se aliñaron para brindarnos a posibilidade de escoitar a Eva Mejuto, escritora que compartiu con nós o berro que rexeitaba a violencia exercida sobre as mulleres e, en xeral, contra todas as persoas.



Contounos a historia que había detrás do seu libro "A memoria do silencio", inspirado en feitos reais, así soubemos que mulleres como Lola, Amparo e Xulia existiron de verdade e axudaron a persoas a fuxir dunha situación complicada, como foi o proceso de atopar a historia, que aspectos lle chamaron a atención á hora de elixir os personaxes, como fixo para relacionar o que xa

sabía sobre a Segunda Guerra Mundial e o que aprendeu despois.

Con estas explicacións podemos dámonos conta como se constrúe a historia e as historias que aparecen no libro, como partindo da realidade se chega á ficción ou como a literatura pode converterse nunha fonte de coñecemento. Encantáronnos as súas palabras e ao final agradecemoslle a súa presenza no Cole nunha data tan sinalada e tamén que escriba libros para que nós os poidamos ler. 3º ESO B



COMO CAMBIAN AS COUSAS!

Estabamos desexando chegar a 2º de Bacharelato, ser os maiores! Pero non eramos conscientes do traballo que supuña realmente o curso. Sabemos que a medida que medramos hai que incrementar o estudo, porque cada vez os cursos son máis esixentes, requiren máis esforzo e sacrificio pola nosa parte, pero os nosos desvelos intensifícanse de maneira exponencial.

Probablemente non poida ser doutra forma, pero a nosa mirada pode axudarnos a lidar coas dificultades; en lugar de telas en conta, sería mellor fixármolos en cada pequeno logro, aceptar que somos mozos e hai momentos mellores e peores, debemos seguir pelexando, tamén pode ser bo recordar os obxectivos que nos plantexamos ao comezo e que nos han servir de motivación.

Ánimo, si que podemos!

2º Bacharelato

SALIDA CULTURAL A LA CASA FUNDACIÓN DE C. JOSÉ CELA Y CASA DE LA MATANZA DE ROSALÍA DE CASTRO

El 4 de diciembre de 2024, los alumnos de 1º de Bachillerato visitamos la Fundación de Camilo José Cela

con el fin de promover y conocer el patrimonio cultural del escritor nacido en la villa de Padrón.

La aventura literaria comenzó cuando llegamos a Padrón, el lugar donde nació y vivió el escritor. En la Fundación conocimos de primera mano su mundo cultural y su legado: condecoraciones de su reconocimiento literario, libros, cartas, cuadros, anecdóticas colecciones y objetos que formaron parte de su familia paterna, particularmente aquellos vinculados al mundo del ferrocarril.

Después de la visita al Museo, nos acercamos a la casa de Rosalía de Castro. En la actualidad es el Centro de Estudios Rosalianos y en el que se expone una biblioteca abierta al público. Allí, en los jardines de la casa de Rosalía de Castro, recitamos varios poemas de Cantares gallegos con el fin de recordar y valorar una vez más a la autora gallega del siglo XIX.

El final de la actividad fue en Pontevedra, donde comimos y pudimos disfrutar de una convivencia muy grata entre los compañeros y los profesores. El ambiente navideño propició un día perfecto.

¡Gracias por todo lo que hemos aprendido hoy!

EN NAVIDAD NACE LA VIDA

“Dará a luz un hijo, y le pondrá por nombre Jesús, porque el cuidará a su pueblo”

Nos preguntan si estamos preparados para el camino que nos lleva a la Navidad. La respuesta es un sí rotundo, porque el comportamiento de Jesús es un ejemplo a seguir para nosotros, porque sabemos que cada paso supone un esfuerzo y estamos dispuestos a afrontarlo, porque hemos oído “no tengan miedo, miren que les traigo buenas noticias que serán motivo de mucha alegría para todo el pueblo” (Lc 2,10) y eso nos hace felices, porque solo afrontando los retos que se nos proponen estaremos alegres, porque la Navidad es VIDA.

4º ESO C

PRESENTACIÓN BIBLIOTECA

Neste curso queremos recuperar a biblioteca do Colexio. Buscamos unha biblioteca escolar activa e renovada que axude a ampliar os procesos de aprendizaxe e apoie o desenvolvemento doutros programas que se realizan no centro.

Propoñémonos como obxectivos a recuperación do sistema de préstamo, o uso da superficie como sala de estudo e lectura, coa intención de convertelo en espazo dinamizador e escenario para diferentes actividades (charlas, obradoiros...), ademais de seguir como lugar para realizar traballos cooperativos ou impartir unha clase maxistral, tal e como se viña empregando ata agora.

Tamén inauguramos o clube de lectura “Literatolas” co alumnado de 2o de ESO e bacharelato, onde atopamos tempo para falar da nosa afección pola lectura.

Agardamos que sexa un proxecto motivador para este curso e que todos o disfrutemos, xa que é algo que contribuirá á mellora do centro.



GADEDI

Este ano e como vén sendo habitual os alumnos de Secundaria participan en GADEDI. Ímoslle preguntar a un alumno de 3º de Secundaria cal é a súa apreciación destas xuntanzas que se realizan os venres pola tarde.

Entrevistador: Por que te anotaches este ano nesta actividade?

Dani: Porque me apetecía participar nos grupos Amor de Dios, escoitara falar deles e nunca me decidira.

Entrevistador: E que facedes?

Dani: Ata agora actividades sobre o coidado dos nosos compañeiros e das persoas que nos rodean para ter unha convivencia máis tranquila.

Entrevistador: De todo o que fixestes, que foi o que máis che gustou?

Dani: A relacionada co Magosto e coñecer máis a fondo os gustos dos meus compañeiros, Levamos moitos anos xuntos no Cole e non sabía o que lles gustaba.

Entrevistador: Levades pouco tempo, pero como valoras a experiencia?

Dani: A verdade é que me está gustando, porque non é un tempo moi extenso no cal coñeces xente do teu entorno cos que compartes máis afeccións das que pensaba.

Entrevistador: Se tivese que utilizar palabras, cal ou cales escollerías para definir Gadedi?

Dani: Coñecer xente.

Dixémoslle a LuzIA que valorase a entrevista que lle fixemos a Dani:

¡Hola Daniel! Qué bonito lo que compartes sobre Gadedi. Me alegra saber que las actividades, como la del magosto, te han ayudado a conocer mejor a tus compañeros y encontrar intereses en común. Eso es fundamental para crear un ambiente agradable y de convivencia.

II FERIA UNIVERSITARIA AMOR DE DIOS

O pasado 13 de decembro celebrouse no Colexio a II Feira Universitaria. Este ano contamos para a charla inaugural coa colaboración da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións que acudiu ao noso Colexio para contarnos Como funciona Internet? Dende o primeiro momento puidemos sentir que o futuro está aí e que é moi importante ter información para escoller axeitadamente o que queremos estudar.

Ademais do percorrido polas diferentes universidades que se achegaron ao centro para mostrar os estudos que se imparten nas súas facultades, gozamos coa presenza de varios exalumnos que compartiron con nós as súas experiencias máis recentes tanto na faceta de estudantes como no eido laboral.

O alumnado, os centros invitados e, en xeral, os asistentes valoraron moi positivamente a Feira e aseguraron que resultara interesante e enriquecedora.



"Y en su nombre
pondrán
las naciones
su esperanza"

Mateo 12,21



El colegio
Amor de Dios de Vigo
os desea una Feliz Navidad!

